

Verdegaia pon en marcha a exposición 'Freemos o cambio climático' para concienciar en Galicia, onde as centrais térmicas producen o 40% do CO2 en España

Fábricas contra ecosistemas

O responsable da mostra, Xosé Veiras, advirte que, no país, o 80% das emisións proceden das eléctricas


V. Oliveira - Sarriágn

Os informes alarmantes da ONU que advirten que o cambio climático é xa un proceso de non retorno non exclúen a Galicia dos efectos que a contaminación está a causar sobre os ecosistemas do país. É por iso que asociacións ecoloxistas galegas como Verdegaia están xa comezando a mover conciencias con exposicións como a que crearon xunto con biólogos en Acción baixo o título de 'Freemos o cambio climático'.

O biólogo compostelán Xosé Veiras, responsable da área de Enerxía e Cambio Climático de Verdegaia e un dos impulsores da mostra, explica que a exposición, formada por 14 paneis, está motivada "porque en Galicia temos a maior fábrica de cambio climático de España".

Unha situación que non é alle a o que está a pasar no resto do mundo. "En Galicia, o 80 por cento das emisións contaminantes teñen orixe na produción e transformación de enerxía eléctrica, algo que se pode extrapolar ós países industrializados", sinala este activista do movemento ecoloxista galego dende finais dos 80 que foi coordinador xeral da Federación Ecoloxista Galega e secretario executivo da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia.

Sen dúbida, o que diferencia a Galicia do resto de España no que a contaminación se refire é o "gran peso da emisión de gases de efecto invernadero na produción de electricidade con dúas centrais, a das Pontes e Meirama, que emiten millóns de toneladas de dióxido de carbono, o que provoca que Galicia sexa responsable do 40 por cento do total de emisións de CO2 de toda España." É máis, para Veiras resulta preocu-



Dous dos paneis que elaborou Verdegaia sobre as causas, efectos e solucións do cambio climático

ITINERARIOS

Percorrerá a USC en Santiago e Lugo

A exposición 'Freemos o cambio climático' da que é responsable Xosé Veiras, explica en 14 paneis que é o cambio climático, as súas causas, os seus efectos a nivel mundial e na Península Ibérica e as súas solucións. "Polo de agora está programada para exhibirse en centros da Universidade de Santiago como a facultade de Física, Bioloxía e Ciencias da Comunicación, e logo cremos que irá ó campus de Lugo", informa Veiras.

"Está claro que a principal responsabilidade é a das Administracións e das empresas eléctricas que nas súas mans está a solución ó problema. Se eles non actúan, non podemos facer nada", asegura o ecoloxista. De feito, a mostra está pensada para



Xosé Veiras impulsa a mostra

ran público amplo, cun deseño visual e unha linguaxe clara. Nela faise referencia ás enerxías renovables "unha parte da solución" pero que, ao ver do membro de Verdegaia, "por si soas non resolverían a cuestión" de acoutar o cambio climático.

pante que "As Pontes sexa a central que emite máis dióxido de carbono de toda España", sinala. A isto engádese que "no transporte están a aumentar as emisións cada vez máis: entre 1990 e o 2004, duplicouse en Galicia a emisión de gases contaminantes procedentes do transporte".

A solución, como amosa a exposición, é "substituír estas emisións por aforro, eficiencia enerxética e enerxías renovables. Por exemplo, o carbón, o combustible fósil que máis CO2 emite con respecto á electricidade que xenera, poderíase substituír por gas natural". Segundo informa, en Galicia están a piques de abrirse dúas novas centrais térmicas de Gas Natural. Pero as que funcionan nas Pontes e Meirama teñen garantido o seu funcionamento durante décadas. "Queremos xerar un estado de opinión que leve ós poderes políticos e empresariais así como ós consumidores a controlar o consumo de enerxía", conclúe o ecoloxista.

INICIATIVAS EN GALICIA

Amigos da Terra aposta polo 8%

A asociación Amigos da Terra puxo en marcha en colexios de educación primaria e secundaria de Galicia a nova edición de 'A aposta por frear o Cambio Climático'. Con esta campaña, que comezou en Alemaña en 1998, preténdese reducir o consumo enerxético das aulas nun 8 por cento no período de febreiro a maio deste ano. Aínda que en Galicia se vén facendo desde o 2002, a Xunta financia a campaña por primeira vez. Esta semana, representantes de Amigos da Terra visitarán aos centros IES Ponte Pedra (Pontearreas), IES 12 de Outubro (Ourense), CEIP Saco e Arce (Toén), CIP José García García (Ourense) e o IES Laurus Olmo (Valdeorras).

5.000 visitas na web de Climántica

A web da Consellería de Medio Ambiente na dirección 'www.medioambiente.xunta.es' sobre información e sensibilización do cambio climático recibiu en apenas dous meses unhas 5.000 visitas de todas partes de España e ata doutros países como EEUU ou o Reino Unido. A iniciativa inclúese dentro do programa de sensibilización e información sobre este fenómeno posto en marcha por este departamento da Xunta o pasado febreiro. 'Climántica', como se denomina este espazo en Internet, converteuse en referente no Estado, permite ó usuario atopar e descargar información sobre o cambio climático e os seus efectos.

ESTUDO ■ Un grupo de científicos cre que iso pode provocar a extinción de especies na actualidade

O zorro ártico non fuxiu tras acabar a era glacial

Un grupo internacional de científicos, entre eles o español Juan Luis Arsuaga, codirector das escavacións de Atapuerca, comprobou que o zorro do Ártico que empezou a extinguirse hai uns 10.000 anos non fuxiu ó norte para sobrevivir: ó acabar a era

glacial, e iso faílle temer que o actual cambio climático poida acabar con especies semellantes. Como parte deste estudo, publicado no último número da revista PNAS, foron extraídos 43 fósiles de antigos zorros árticos, duns 15.000 anos de antigüi-

dade, pero só puido traballarse con dez cuxo ADN estaba en condicións de ser analizado. Os científicos elixiron para a súa investigación o zorro ártico ó tratarse dun animal cuxa distribución se expandiu durante a última época glacial, aínda que logo se reduciu. Segundo explicou o científico Love Dalén, as conclusións do traballo demostraron que ó final da era glacial, cando as temperaturas empezaron a elevarse debido ó cambio climático da última fase do Pleistoceno, os zorros árticos permaneceron nos seus hábitats ou ascenderon a zonas montañosas, o que provocou a súa desaparición. ■ EFE

GLOBAL ■ A ausencia de superficie arborada quenta parte do planeta pola liberación de CO2

A deforestación provoca máis frío

A deforestación a escala global produce un efecto de arrefriado, segundo suxiren os resultados dun estudo que se publica na revista *Proceedings of the National Academy of Sciences* (PNAS). Segundo os investigadores, a defo-

restación ten tanto consecuencias locais como globais, producindo en maior medida un arrefriado local pola deforestación da superficie da terra pero quentando o resto do planeta pola liberación de dióxido de carbono. ■ E.P.